

RESOLUCIÓN REITORAL DO 8 DE MAIO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PROPOSTAS DE PUBLICACIÓN CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA DE MONOGRAFÍAS E MANUAIS DO SERVIZO DE PUBLICACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2024.

Por Resolución Reitoral do 22 de febreiro de 2024 se publicou a *Convocatoria de Publicación de Monografías e Manuais do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo*, que estipulaba o procedemento de presentación e o prazo de solicitude.

Transcorrido o período de dez días hábiles para a presentación de reclamacións á proposta de concesión provisional sen ter recibido alegacións á mesma, a Comisión de Publicacións, en sesión extraordinaria que tivo lugar o 7 de maio de 2024, acordou elevar a esta Reitoría para a súa publicación a proposta de concesión definitiva das once propostas consonte ao Anexo I que se achega. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR
P.D. R.R. 22/06/2022 (DOG do 6 de Xullo de 2022)
A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

María Belén Rubio Armesto

DATOS DAS SOLICITUDES CONCEDIDAS DEFINITIVAMENTE

Solicitante	Título da Proposta	Tipo de proposta
M ^a José Lado Touriño	<i>Introdución á Programación en Linguaxe C</i>	Manual (Banda Verde)
M ^a Carmen Vázquez Pampín	<i>ECONOMATES: As matemáticas na Economía</i>	Manual (Banda Verde)
Marcos Loureiro García	<i>Didáctica das matemáticas na Educación Infantil</i>	Manual (Banda Verde)
Paula Rodríguez Rivera	<i>Gamificación educativa e aprendizaxe baseado en xogo na educación universitaria: Teoría e exemplos prácticos</i>	Monografías (Banda Vermella)
Rocio Carballo Afonso	<i>A educación corporal na educación primaria</i>	Monografías (Banda Vermella)
Xose M ^a Mahou Lago	<i>Aprendendo a xestionar o público. Experiencias de innovación docente e organizativa dende a Facultade de Dirección e Xestión Pública</i>	Monografías (Banda Vermella)
Roberto Silva Piñeiro	<i>A escola ao aire libre</i>	Monografías (Banda Vermella)
Helena López Gómez	<i>Mulleres e poder político no Alto Imperio romano: entre o estereotipo e a transgresión de xénero</i>	Monografías (Banda Vermella)
Sikvia Pérez Freire	<i>Socioloxía da educación e do xénero. Comprender a socioloxía para poder aplicala á educación.</i>	Monografías (Banda Vermella)
Manuel J. Fernández Iglesias	<i>Blockchain, Criptomonedas e NFT. Fundamentos Tecnolóxicos.</i>	Monografías (Banda Azul)
Lilian Rosana Ferreira Faro	<i>Fundamentos de Neurotoxicoloxía general y descriptiva: el impacto de las sustancias nocivas en el sistema nervioso.</i>	Monografías (Banda Azul)